

Literatura



A mellor mostra do relato curto da Galicia actual

«Fisterra» • Linteo • Varios autores • Coordinación: Xosé Manuel del Caño, Manuel Pato Vidal e Manuel Álvarez • Como unha obra que está chamada a ser un libro de referencia e que conta co valor engadido de non existir «nunca antes un escaparate con tanta presenza», variedade e calidade dos autores escollidos foi definida a obra «Fisterra» por Manuel Forcadela, autor da introdución do volume. En total son corenta autores que representan o máis significativo e recoñecido da literatura galega actual. O textos foron creados a pé feito para esta escolma de relato curto en galego e na obra figuran autores como Méndez Ferrín, Xavier Alcalá, Claudio Rodríguez Fer, Anxo Angueira, Rosa Aneiros, Enma Pedreira, Antón Riveiro Coello, Diego Ameixeiras, Fernández Naval e Pedro Feijoo, entre outros. O responsable de Linteo, Manuel Ramos, sinalou que «'Fisterra' é un libro coral. Un encontro virtual no final do camiño, tecido en tempos de pandemia» e tivo palabras de sentida lembranza para Darío Xohán Cabana, finado antes de que vira a luz a obra. Para o volume elaborou Acisclo Manzano, autor da contraportada, unha lámina. Del Caño anunciou a publicación dun novo volume de relato curto.